



BASES PARA A CONTRATACIÓN, POR CONCURSO LIBRE, DE 3 PEÓNS/PEOAS FORESTAIS DENTRO DO PROGRAMA APROL RURAL 2025

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA E NORMAS XERAIS

O obxecto desta convocatoria é a contratación en réxime de dereito laboral de tres peóns/peoas forestais en réxime laboral temporal para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, por un período de 9 meses a xornada completa, para desenvolver o servizo denominado Programa de xestión de biomasa, limpeza de camiños e montes e valorización forestal no Concello de Rois 2025, con cargo a subvención para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, ao abeiro da orde do 5 de marzo de 2025 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede a súa convocatoria para o exercicio 2025, publicada no DOG número 50 do 13 de marzo de 2025.

O horario de traballo será de luns a venres cos descansos que establece a lei. As funcións a realizar por este traballador/a son a realización de obras e servizos mínimos previstos na nova redacción dada pola Lei 27/2013 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local ao artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Esta convocatoria está vinculada á subvención concedida pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural).

2. FINANCIAMENTO

Os custos salariais e de Seguridade Social será imputable ás partidas 241 131.21 e 241 160.00 do vixente orzamento do ano 2025.

As retribucións brutas mensuais ascenderán, incluíndo a parte proporcional da paga extra, a 1.381,33 € brutos mes.

3. SISTEMA DE SELECCIÓN

O sistema de selección será concurso oposición .

4. PUBLICIDADE

Das presentes bases terán constancia nas oficinas do Servizo Público de Emprego que correspondan ao Concello de Rois. Igualmente publicaranse na páxina web do concello www.rois.gal, no taboleiro de anuncios electrónico do concello e facilitarase copia destas na Oficina do Rexistro Xeral do Concello.

5. REQUISITOS E CRITERIOS PARA A SELECCIÓN DOS TRABALLADORES

1. Requisitos dos aspirantes

As persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos á data na que remate o prazo de presentación de instancias:



- a) Ter a nacionalidade española, ou ser nacional doutro estado membro da Unión Europea ou daqueles estados aos que se refire e nas condicións que establece o artigo 57 da Lei 7/2007 de 12 de abril, do estatuto básico do empregado público.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira.
- c) Ter cumprida a idade de dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha administración pública, nin estar inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas. Idéntico requisito esixirase aos nacionais dos demais estados membros da Unión Europea, no seu caso.
- e) Non estar afectado ou afectada por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.
- f) Os traballadores deberán ser desempregados inscritos no Servizo Público de Emprego de Galicia.
- g) Non poderán ser contratados en virtude desta orde os/as traballadores/as que foran contratados por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2024 pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas.

2.- Selección dos aspirantes

Realizarase polo Concello de entre os que figuren no listado de candidatos preseleccionados polo Servizo Público de Emprego de Galicia e enviado ao Concello de Rois, unha vez presentada polo Concello a correspondente oferta de emprego específica na oficina correspondente.

Os/as candidatos/as deberán presentarse na data e hora que a oficina Pública de Emprego requira (ben por carta ou por calquera outro medio de comunicación que a Oficina Pública de Emprego e o Concello de Rois acorden) nas dependencias municipais do Concello de Rois, co DNI e achegar o anexo I cuberto e asinado.

Os interesados que asinen a instancia de participación deberán reunir os requisitos da presente convocatoria e pola contra, quedarán automaticamente eliminados, unha vez comprobada a documentación na fase de acreditación .

No suposto que no período de duración do contrato tivese lugar a baixa dalgún traballador, o Concello non procederá a iniciar un novo proceso de selección, senón que chamarase ao seguinte candidato que figurase mellor valorado na proposta do Tribunal de selección.

6. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes para tomar parte neste proceso selectivo faranse mediante instancia dirixido ó sr. alcalde, en modelo que figura no ANEXO 1 e que se poderá descargar na páxina web do concello www.rois.gal e que tamén se facilitará no Rexistro Xeral do Concello, na que se fará constar que se reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos nas presentes bases.

A instancia irá inescusablemente acompañada da seguinte documentación, en orixinal ou fotocopia debidamente compulsada:

1. Documento nacional de identidade, ou resgardo do mesmo, ou documentación equivalente.
2. Declaración responsable de que se cumpren os requisitos esixidos no apartado b) da base 5 e de que non está incurso en ningún dos supostos recollidos nos apartados d) e e) da mesma base.
3. Documentación acreditativa dos méritos alegados para a súa valoración no concurso de



acordo ao previsto na base 8.

4. Carta de presentación remitida polo INEM para participar no proceso selectivo.

Non se terán en conta os méritos alegados e non xustificados documentalmente nin tampouco aqueles méritos que non figuren no baremo.

7. TRIBUNAL CUALIFICADOR

O tribunal cualificador será designado por Resolución da Alcaldía no momento de aprobación da lista provisional ou, no seu caso, definitiva de admitidos e excluídos

Os membros do tribunal deberán posuír a titulación ou especialización igual ou superior ás esixidas para o acceso á praza convocada.

Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir, comunicándoo ao Sr. alcalde cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como cando realizaran tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Así mesmo, as persoas aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando neste concorran algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 23 da Lei 40/2015, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. As persoas aspirantes poderán recusalos de acordo co artigo 24 da mencionada lei.

O tribunal non se poderá constituír nin actuar sen a presenza de polo menos tres dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso, requírese a asistencia da presidencia e da secretaría ou dos/as que legalmente as substitúan.

As decisións adoptaranse por maioría de votos dos membros asistentes, resolvendo en caso de empate o voto de calidade do presidente.

Para os efectos de percepción de asistencias polos membros concorrentes ás sesións dos Tribunais, estes estarán clasificados nas categorías que establece o número 1 do artigo 30 do Decreto 462/2002, do 24 de maio ,sobre indemnizacións por razón do servizo.

8. VALORACIÓN DAS SOLICITUDES

A valoración das solicitudes presentadas realizarase do seguinte modo:

1. CONCURSO DE MÉRITOS (MÁXIMO 4 PUNTOS):

A) Por pertencer a un dos colectivos que a continuación se detalla: máximo 3 puntos

- Mulleres: 1 punto. Xustificarase mediante DNI
- Mulleres vítimas de violencia de xénero: 1 puntos. Acreditarase por sentenza xudicial firme.
- Menores de 30 anos: 1,5 puntos. Xustificarase mediante presentación do DNI.
- Persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional: 1 punto. Acreditarase por informe do INEM.
- Persoas desempregadas maiores de 45 anos: 1,5 punto xustificarase mediante presentación do DNI



CONCELLO DE ROIS

- Parados e longa duración: ata 1 punto; puntuarase 0,25 puntos por ano desempleado, contado a partir do primeiro ano de desemprego. Non se puntúa neste apartado os menores de 30 anos que sexan demandantes do primeiro emprego. Xustificarase mediante informe do INEN no que conste o tempo de desemprego
- Persoas con discapacidade: aquelas que teñan recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade nun grao igual ou superior ao 33%: 1 punto. Acreditarase co certificado do grao de discapacidade.
- Persoas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito: 1 punto. Xustificarase mediante informe de prestacións
- Persoas integrantes en colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia ou persoas trans: 1 punto (mediante informe dos Servizos Sociais dos concellos que xustifique este motivo).
- Persoas emigrantes retornadas ou persoas estranxeiras con autorización ou permiso de residencia e traballo en España: 1 punto.
- Persoas desempregados/as que teñan prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional: 1 punto.
- Persoas desempregadas que participasen en obradoiros de emprego, programas integrados de emprego, programas mixtos de formación ou acción formativa dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas (AFD), relacionadas co eido forestal, conservación e mellora de montes, silvicultura, agricultura, gandería e xardinería: 1 punto.
- Persoas con cargas familiares: ata 1 punto , a razón de 0,25 puntos por cada unha das persoas que sexan carga familiar. Entendese por cargas familiares os seguintes: cónxuxe, fillos e fillas menores de 26 anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento, que carezan de ingresos propios para a satisfacción das súas necesidades. Para xustificar dita circunstancia achegarase mediante libro de familia, ou calquera outra documentación que xustifique dita circunstancia.
- Persoas con menor nivel de desemprego: perceptores de desemprego 0,25 puntos, perceptores de subsidio 0,50 puntos.

B) Pola posesión do carné de conducir B: 1 punto.

FASE OPOSICIÓN:

PROBA PRÁCTICA : puntuación máxima 4 puntos.

Consistirá nunha ou máis probas practicas relacionadas co posto de traballo a desenvolver, proposta polo tribunal cualificador, na que se valorará o manexo de útiles, ferramentas e maquinaria agrícola e forestal, sendo algunhas das funcións propias do posto de traballo a desenvolver. Valorarase a destreza, calidade do traballo, coñecemento do material ou maquinaria e tempo empregado nesta proba práctica.

2. ENTREVISTA (MÁXIMO 2 PUNTOS)

Consistirá nunha entrevista persoal a cada solicitante na que se valorarán os coñecementos relacionados co posto de traballo ofertado (ata un máximo de 2 puntos).

9. PROPOSTA DE CONTRATACIÓN

A orde de clasificación definitiva de todos os aspirantes virá determinada pola suma das puntuacións totais obtidas na fase de concurso e da entrevista; en caso de empate, terase en conta as puntuacións parciais acadadas no proceso selectivo, pola orde de preferencia seguinte: en primeiro lugar a puntuación acadada na fase de oposición, en segundo lugar a puntuación acadada na fase concurso, e en terceiro lugar a puntuación acadada na entrevista. De persistir o



empate, dirimirase por sorteo público a celebrar ante o Tribunal Cualificador do que se levantará a correspondente acta. A orde de clasificación determinará a proposta de contratación do Tribunal e a incorporación ao servizo.

No caso de que o candidato seleccionado renuncie de maneira expresa, pasarase ao seguinte candidato segundo a orde de clasificación definitiva.

En ningún caso o Tribunal cualificador poderá propoñer para a contratación maior número de aspirantes que praza convocadas.

Concluída a cualificación final do proceso selectivo, o Tribunal publicará na páxina web do Concello e taboleiro de anuncios o nome da persoa aspirante coa puntuación total final, con especificación desta. Así mesmo o Tribunal elevará esta proposta, coa acta da sesión, á Alcaldía para proceder á formalización do contrato correspondente a favor das 3 persoas aspirantes que obtiveran a puntuación máis alta.

10.FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

Unha vez presentada a documentación á que se refire o apartado anterior, o órgano competente da Corporación procederá á contratación a favor do aspirante proposto polo Tribunal Cualificador e ao seu chamamento para a súa incorporación. Será nula a contratación de quen estea incurso en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente. A formalización dos contratos terá lugar dentro do prazo de cinco días naturais, a contar desde a data de notificación do acordo de contratación. Previamente á sinatura dos contratos, o aspirante contratado deberá subscribir a declaración á que se refire o artigo 13.1 do Real Decreto 598/1985, de 30 de abril, sobre incompatibilidades. Mentres non se formalice o respectivo contrato e non se incorpore ao posto de traballo, o aspirante non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

11. NORMATIVA APLICABLE

O proceso selectivo rexerase polo establecido nestas bases. Para o non previsto nelas ou en aquilo que as contradigan, será de aplicación a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; o RD 781/1986, do 18 de abril; o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro); o RD 896/1991, de 7 de xuño e demais normativa vixente en materia de selección do persoal ao servizo das Entidades Locais e a Orde do 7 de xaneiro de 2022 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2025 (código de procedemento TR351G).

11. RECURSOS

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición no prazo dun mes perante o propio órgano que a ditou, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña. Os anteditos prazos contarán desde o día seguinte á publicación da resolución. Se se interpón o recurso de reposición, non se poderá acudir ao Contencioso-Administrativo ata que o Concello resolva expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta. O prazo de que dispón o Concello para ditar e notificar a resolución do recurso de reposición será o de un mes contado desde a presentación do recurso. Unha vez transcorrido ese tempo sen que se ditase e notificase a resolución, pódese entender desestimado o recurso de reposición para os efectos de interpoñer o contencioso-administrativo.

Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que xulgue oportuno.



ANEXO I. MODELO DE INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCESO DE SELECCIÓN DE 3 PEÓNS/PEOAS FORESTAIS

D/D^a....., con DNI
número....., e domicilio, para os efectos de notificación,
en..... C.P
e-mail..... Teléfono

Expoño:

Tendo en coñecemento a convocatoria de selección para cubrir 3 postos de traballo de persoal laboral temporal para peóns/peoas forestais no concello de Rois,

1. **SOLICITO**, tomar parte no devandito procedemento selectivo.
2. **DECLARO**, que son certos os datos consignados nesta solicitude e que reúno todos e cada un dos requisitos necesarios para o ingreso na función pública e en concreto os sinalados na base 5.1 da presente convocatoria.
3. **ACHEGO** (márquese cun X os cadrados correspondentes á documentación presentada):

- ☐ Copia compulsada do DNI ou documentación equivalente
- ☐ Relación dos méritos que se aleguen seguindo a orde que se recolle na base 8.
- ☐ Documentación acreditativa dos méritos alegados para a súa valoración no concurso de acordo ao previsto na base 8.
- ☐ Tarxeta de demandante de emprego

Rois de de 2025

Asdo.

AO ALCALDE DO CONCELLO DE ROIS

SECRETARIO

DIEGO LOSADA ROMERO